

Outros BITS dispoñibles

MrMISTO {bits} *Contra a violencia*

Unha selección das mellores pezas curtas que fan pensar sobre as distintas formas de violencia e os seus efectos na nosa vida. *Pim Pam Pum*, do vasco Andoni de Carlos ou *On the line*, de Jon Garaño, mudarán o teu punto de vista. Unha inxección de vitalidade e optimismo ante un mundo marcial que aínda, se cadra... podemos cambiar.

MrMISTO {bits} *In Love*

O cine en curta máis romántico... sen caer nos tópicos melindrosos. Falamos neste {BIT} de amor a primeira vista, de amor na vellez, do amor máis inocente e de bicos máxicos. Non perdas esta sesión de cine in love, e vivirás, por fin, un día dos namorados orixinal!

MrMISTO {bits} *Rela-BIT*

Para disfrutar do cine en boa compañía. Bécquer dixo una vez que a soidade é moi fermosa... se tes a quen contarllo! O asturián Imanol Ruiz de Lara conta en *0'8 miligramos* que as relacións cos demais son un conxunto de silencios e un conxunto de palabras. Pero esta sesión de curtas inclúe tamén unha historia moi particular. *Mei Ling*, de Stephanie Lansaque e Françoise Leroy, responde á animada pregunta: E se adoptas un polbo como animal de compañía?



ADMINISTRACIÓN / XESTIÓN

Rúa Vista Alegre, nº 32 · Baixo
36600 Vilagarcía de Arousa [Pontevedra]
Tfn. (0034) 986 189 496
Fax (0034) 986 189 496

AUDIOVISUAL

Rúa Ramón Cabanillas, 15 baixo
15679 Cambre [A Coruña]
Tfn. (0034) 981 667 665
Fax (0034) 981 667 665

www.mrmisto.com · info@mrmisto.com

MrMISTO {bits}

en Galego

"O TEU MAÍO DE LETRAS... EN GALEGO!"



Os Mr Misto {Bits} son paquetes temáticos de curtametraxes para ser proxectados en multiplicidade de espazos. Unha forma de ver o mundo a través do cine en curta duración. Pezas audiovisuais de calidade que non deixan indiferente ó espectador.

As posibilidades de gozar dunha programación variada e rica en contidos fai que este programa sexa o ideal para achegarse dunha forma distinta a un público diverso, facéndoo máis crítico e capaz de reflexionar sobre o mundo dun xeito diferente, anovador e divertido.

Hoxe vas ver un {BIT} integramente en galego, porque aquí tamén sabemos facer boas pelis! Seis pezas audiovisuais moi distintas que amosan o talento dos

mellores cineastas galegos. Desde comedia, pasando por documental, e ata cine de medo! Seis historias moi diferentes que teñen algo en común: son cine en galego. Historias que tratan temas universais e que recoñecemos como próximos, conxugando distracción e cinema a un tempo. Non perdas a oportunidade de gozar con este {BIT} en galego!

Porque os Mr Misto {Bits} son máis que curtas. O resultado: Galigozar!

*"Cando as luces da ponte
colleron as barcas enfeitadas
na [menlida] rede de cores
eu xa sabía que a ledicia era máis que un
brinco i un berro".*

Uxío Novoneyra

O teu maio de letras...
en galego!

RIBADEO, 1936 J. I. Martínez | 2008 | 6'

1936. Dous republicanos quedan atrapados nunha praia. Cando suba a marea, afogarán.

O HOSPITAL Iván Seoane | 20' | 2007

Ollos, Manuel, Castro e Petos acaban de roubar un banco e na fuxida, Petos resulta ferido grave.

GALICIA 2098 Edu Lavandeira | 2007 | 7'

Galicia, ano 2098. Os coches non voan e a xente non se teletransporta. Ningunha profecía se cumpriu agás a que se refire ao galego. A xente fai cola ás portas do museo para visitar unha exposición incrível que alberga algo que se supoñía extinguido.

BOTANDO POR FÓRA Carmen Calvo López Prado | 2008 | 18'

Un documental sobre as regueifas. O ancestro do rap naceu en Galicia!

AS ALMAS DO FENTAL David Vázquez | 2009 | 11'

Situámonos no último día dunha aldea do interior de Galicia, onde o rural está a esmorecer. Ao Fental quédalle un día...

O SOBRIÑO Omar Rabuñal | 2009 | 6' 14"

Ricardito, o sobriño pijo de Cobiñas, un mariñeiro dos de toda a vida, queda uns días a cargo de seu tío. Pero o mar non está feito para mozos de cidade...

